



Asunto: INFORME DXARA SOBRE PROPOSTA DE MODIFICACIÓN RPT DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Ref.: DXARA/BDL

O 2 de marzo de 2021 tivo entrada na Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (en diante, DXARA) un escrito xunto cun expediente de solicitude de informe preceptivo deste centro directivo sobre unha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) de persoal da Consellería do Medio Rural, remitido desde a Secretaría Xeral Técnica desa consellería.

O expediente recibido componse dos seguintes documentos:

- Memoria funcional e económica
- Listaxe de equivalencias
- Relación de postos a amortizar
- Relación de postos a crear
- Relación de postos a modificar
- Posto a transferir

Posteriormente, recibíronse por correo electrónico varias aclaracións a consultas e dúbidas formuladas desde a DXARA, así como unha memoria funcional e económica actualizada.

Atendendo á solicitude de informe sobre o expediente de proposta de modificación de RPT da Consellería do Medio Rural, así como en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, e con base nas competencias que lle confire o artigo 22.2.E.a) do Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa emite o seguinte





INFORME

PRIMEIRO. A modificación da RPT proposta faise sobre postos de traballo de persoal funcionario e persoal laboral, tanto de servizos centrais como de servizos periféricos da Consellería do Medio Rural, e leva aparelladas propostas de amortización, creación e modificación de postos da RPT da Consellería do Medio Rural, que se resumen a seguir.

SEGUNDO. Creacións e amortizacións

Secretaría Xeral Técnica

A adecuada xestión das reclamacións que xera o persoal da consellería do Medio Rural, que ascende a 4500 traballadores, esixe reforzar o Servizo de Recursos e Reclamacións, que actualmente dispón de tres postos, con dúas xefaturas de sección: unha Xefatura de Sección de Recursos e Reclamacións I (código MR.C02.00.002.15770.056) traspasada do Servizo de Persoal e unha Xefatura de Sección de Recursos e Reclamacións II (código MR.C02.00.002.15770.057) de nova creación. Para a creación deste segundo posto, é preciso amortizar estoutros dous: un posto vacante de Axudante de Traballos ou Oficios (código MR.C02.00.000.15770.090) e un posto ocupado de secretario/a da Subdirección Xeral de Contratación (código MR.C02.00.003.15770.002).

Dirección Xeral de Defensa do Monte

Co fin de avanzar na aplicación do Plan de prevención de defensa contra incendios forestais de Galicia, propónse reforzar a Subdirección Xeral de Prevención con tres novos postos: unha Xefatura de Sección I (código MR.C03.00.001.15770.006), unha Xefatura de Sección II (código MR.C03.00.001.15770.007) e unha Unidade de Apoio Administrativo de Administración Xeral (código MR.C03.00.001.15770.008). Para a creación destes postos, propónse amortizar cinco postos de bombeiro, vacantes por xubilación dos seus titulares, con estes códigos: MR.C99.50.070.27060.104, MR.C99.50.080.27300.102, MR.C99.50.100.27640.100, MR.C99.50.130.32090.100 e MR.C99.50.150.32060.100.

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

É preciso atender axeitadamente as funcións de mellora das explotacións agrarias e dos sistemas de produción agraria sustentable e conservación do medio rural, así como a xestión dos rexistros de explotacións, para o cal se propón crear unha xefatura de sección aberta a varios corpos de administración especial (código MR.C05.00.002.15770.015). Propónse que o financiamento para esta praza proceda do remanente da última modificación de RPT (resolución do 31 de xullo de 2020) e mais de amortizar o posto base grupo A1 vacante (código MR.C05.00.000.15770.015).





Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal

Entre as funcións desta dirección xeral está a de ordenar o sector agroindustrial e fomentar a súa actividade de transformación. Segundo consta na memoria remitida á DXARA, o monte galego presenta un gran potencial para o aproveitamento do castiñeiro, tanto na súa vertente económica, como ambiental, de actividade forestal sostible e de prevención de incendios, que contribúen ao desenvolvemento rural. Para incrementar esta potenciación, mediante a Orde do 2 de agosto de 2017 creouse a Mesa da Castaña como órgano colexiado de carácter consultivo e asesor, integrado na consellería competente en materia de montes, aínda que sen participar na súa estrutura xerárquica. Na mesma liña, está en marcha na consellería o Programa estratéxico do castiñeiro.

Mediante a proposta de modificación de RPT obxecto deste informe, propónse crear, dentro do Servizo de Saúde e Vitalidade do Monte, a Área Técnica dos Soutos como unidade diferenciada que coordine todas as actuacións realizadas arredor do castiñeiro e impulse o seu aproveitamento. Esta unidade estará dotada dunha Xefatura de Área dos Soutos (código MR.C04.00.001.15770.058) e unha Xefatura de Sección (código MR.C04.00.001.15770.059).

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

Propónse traspasar o crédito dunha xefatura de sección vacante da Subdirección Xeral Infraestruturas Agrarias (código MR.C06.00.001.15770.097) á Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Xefatura Territorial da Coruña

Propónse amortizar un posto de axente territorial no distrito III (código MR.C99.50.030.15580.010) e crear outro equivalente no distrito IV (código MR.C99.50.040.15560.009) porque, logo de analizar as cargas de traballo, considérase máis necesario neste último distrito.

TERCEIRO. Cambios derivados de sentenzas xudiciais

- a) Adscribir a 65 postos vacantes preexistentes a outros tantos traballadores que foron declarados persoal laboral indefinido non fixo, con funcións acordes ás asignadas en cada caso na sentenza e axeitadas á categoría profesional de cada persoa traballadora.
- b) Incorporar á RPT, dentro do Servizo de Infraestruturas Agrarias, o posto base A1, código MR.C99.10.401.15001.016, ocupado por persoal laboral indefinido non fixo.
- c) Recoller o posto de auxiliar de laboratorio, código MRC050010127001132.
- d) Modificar o centro de destino do posto operador/a codificador/a de datos SPDCIF, código MR.C99.50.100.27640.029.
- e) Por ter que pechar o centro, modifícase a localidade de adscripción dos cinco postos do viveiro de Pontearreas-Tui, con estes códigos: MRC995510136540001,





MRC995510136540005 (xubilado parcial ao 25 %), MRC995510136540005 (laboral fixo ao 75 %), MRC995510136540006 e MRC995510136540007.

- f) Inclusión do complemento de singularidade de posto de especial dedicación ao posto de peón/a agrario/a, código MR.C05.00.104.32260.134.

CUARTO. Emenda de erros

Procede corrixir ou completar a información relativa aos seguintes postos que constan na RPT en vigor:

- a) Xefatura Provincial da Coruña: incluírles ás unidades de apoio administrativo, códigos MR.C99.10.000.15001.067 e MR.C99.10.000.15001.068, a adscrición á Administración da Xunta de Galicia; e as xefaturas de negociado códigos MR.C99.10.000.15001.107, MR.C99.10.000.15001.125 e MR.C99.10.000.15001.126 cómpre retirarlles a área funcional de persoal.
- b) Servizo de Explotacións Agrarias: adscrición a este servizo do posto de xefatura de negociado (código MR.C99.10.401.15001.023) procedente do Servizo de Infraestruturas Agrarias.
- c) Servizo de Infraestruturas Agrarias: adscrición a este servizo do posto de xefatura de negociado (código MR.C99.10.301.15001.068), actualmente dependente do Servizo de Explotacións Agrarias.
- d) Servizo de Montes, viveiro forestal da Famelga (Oroso): incluír o plus de toxicidade ao posto de oficial 1ª tractorista (código MR.C99.55.101.15590.005).
- e) Subdirección Xeral Económica e de Dotación de Medios: adscribir o posto de xefatura de sección (código MR.C05.00.004.15770.006) á área funcional económica.

QUINTO. Modificación de niveis e complementos salariais

- a) Subir un incremento de nivel de complemento de destino a 200 axentes forestais e medioambientais, segundo o recollido no acordo entre a Consellería de Medio Rural, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Consellería de Facenda.
- b) Incluír os complementos salariais de singularidade e penosidade a un posto de peón/peoa forestal do distrito forestal XIX (código MR.C99.50.190.36001.028).





SEXTO. Outros cambios propostos

- a) Modificar os requisitos de cobertura de varios postos:

-Abrir 13 postos a persoal doutras administracións.

-Abrir a todas as escalas da Administración xeral e de Administración especial o acceso aos postos de Xefatura de Servizo de Programación e Xefatura de Servizo de Coordinación de Medios, da Dirección Xeral de Defensa do Monte, cuxa forma de provisión é a libre designación.

-Abrir a Xefatura de Servizo de Actuacións Preventivas (código MR.C03.00.001.15770.010), da Dirección Xeral do Monte, ao corpo facultativo superior, escala de enxeñeiros agrónomos, e ao corpo facultativo de grao medio, escala de enxeñeiros técnicos agrícolas.

- b) Cambiar de adscrición un posto de axente territorial (código MR.C99.50.140.32840.007) dentro do distrito forestal XIV Verín-Viana.

SÉTIMO. Segundo a información que se expón na memoria económica e no resto de documentos remitidos á DXARA, as creacións e as modificacións de postos propostas non implican incremento de gasto dos orzamentos xerais da Consellería do Medio Rural. O custo do incremento de niveis do persoal da escala de axentes forestais, que vai ser asumido pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública, ascende a **259.038 €**, 199.260 € correspondentes a soldos e 59.778 € correspondentes a seguridade social.

OITAVO. Os fundamentos e os datos achegados pola Consellería do Medio Rural para xustificar a modificación da súa RPT considéranse axeitados e suficientes para dar o visto e praxe. Non obstante, para crear novos postos non se considera adecuado amortizar outros vacantes relacionados coa actividade forestal de primeira liña na loita contra o lume como vén sucedendo nalgunha das últimas modificacións de RPT desta consellería, posto que estes últimos puidesen ser necesarios en momentos de gran acumulación de incendios.

NOVENO. En consecuencia, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa considera oportuna e emite **informe favorable** sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa
Jesús Oitavén Barcala

